



A peito descuberto

Análise e edición
da obra poética de
Fiz Vergara Vilariño

Yago Rodríguez Góñez

tres primeiros libros, titulados, respectivamente, *Pra vós* (1971), *Encontro cos tiburós* (1973) e *Orfo de ti en terra adentro* (1976). Idéntica situación figura no traballo de Carlos L. Bernárdez (1994),¹ así coma na escolma realizada por Luciano Rodríguez que leva por epígrafe *Poetas galegos do século XX. Antoloxía* (2004), aínda que no *Dicionario da Literatura Galega III. Obras*, coordinado por Dolores Vilavedra, fráguese unha análise da obra do autor louzariño, subliñando o xiro practicado con relación ós seus dous libros iniciais, de tendencia social, ata chegar a unha obra de natureza «paisaxista, amorosa, existencial e intimista» (Vilavedra, 2000: 337).

Dito plantexamento permite a reflexión en torno ó concepto de poesía, posto que hai realidades irrefutables; independentemente dos nosos gustos, sabemos que Homero, John Keats, Giacomo Leopardi, Paul Verlaine ou Rosalía de Castro eran grandes autores, malia que quizais na actualidade habería que delimitar en maior medida a significación outorgada ó termo *poeta*.

Decote esgrímese que dous son os volumes que manifestan un cambio substancial dende o socialrealismo cara a nova poesía galega, titulados, a este respecto, *Mesteres*, de Arcadio López Casanova, e *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, se ben cómpre lembrar que esta última obra, malia publicarse no ano 1976, xa era coñecida de tempo atrás polo seu recitado en reunións clandestinas.²

Mais quizais esta perspectiva resulte incompleta, habida conta de que no mesmo ano de publicación de *Mesteres* ve a luz *Seraogna*,³ a obra fundamental de Alfonso Pexegueiro, que de seguro abriu un camiño novo para a lírica galega, ó tempo que Fiz Vergara Vilariño publica *Orfo de ti en terra adentro*, libro que manifesta o anticipo da estética posterior, na que predomina, con intensidade insuperable, a voz dos sentimentos universais, recollidos na composición derradeira, que leva por rótulo «Recordatorio samonense pra Don Ramón Cabanillas».

Semella necesario lembrar que Darío Xohán Cabana, na adicatoria ó volume de *Amor e tempo liso (Cancioneiro)* co que obsequiou a Fiz Vergara,⁴ recolle a súa devoción polo autor louzariño, ata o punto de consideralo o poeta máis relevante da súa xeración: «Pra Fiz Vergara Vilariño, o mellor poeta da miña xeración, co meu homenaxe, a miña admiración, pero sobre todo, a miña amizade» (maio, 1987). Esta declaración non semella un feito aillado, senón que dita idea sería reiterada nunha entrevista concedida a Manuel-Oreste Rodríguez López: «Eu penso que o

¹ Carlos L. Bernárdez, *50 anos de poesía galega*, A Coruña, Penta, 1994, tomo II.

² Esta información foinos proporcionada por Darío Xohán Cabana, ó longo das conversas que mantivemos.

³ Esta obra –publicada o mesmo ano que *Orfo de ti en terra adentro*– é estudada no volume *Crítica e autores*, Santiago de Compostela, La Voz de Galicia, 2002, 259-265, aínda que non figura ningunha páxina adicada á produción de Fiz Vergara Vilariño, indicio da falta de coñecemento deste autor na propia literatura galega.

⁴ O poemario citado acadou o Premio Celso Emilio Ferreiro correspondente ó ano 1986.

mellor dos poetas premiados deica agora no Certame de Vilalba é Fiz Vergara Vilariño [...]. El é o máis importante dos mal chamados 'novísimos'» (1-9-1989).

A produción lírica do escritor de Santalla camiñará *in crescendo* –facéndose cada vez máis persoal e superándose en cada nova obra, feito percibido por Manuel María–, ata producir libros coma *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990) ou *Pastora de sorrisos* (1993), paso previo para o seu póstumo pero non por iso menos importante *Animal sen fel* (1998).

Tentamos reproducir a obra poética de Fiz Vergara, aquela que dacordo con Manuel María «[...] cabe en dous volumes: un para a poesía e outro para o teatro, a narrativa e os artigos xornalísticos» (Manuel María, 1998: 114), agás aquelas composicións que pola súa natureza asuman o rango de meros borradores ou bocetos literarios, abondosos por outra banda na súa etapa de formación; xaora, somos conscientes da complexidade xerminal dunha tarefa destas características, polo que pedimos desculpas por adiantado a causa dos erros derivados desta lectura que agora ofrecemos, mais o certo é que non resulta precisamente doado localizar todas as composicións coñecidas en función da súa aparición en publicacións periódicas, así como a filiación cronolóxica daquelas creacións inéditas carentes de data explícita. É por iso que nos baseamos na redacción definitiva do autor ou *codex optimus* despois de ter contrastado as diferentes lecturas, co ánimo de eximir ós textos na súa maioría de notas a pé de páxina, as cales redundarían nun exceso de información. Por outra banda, no caso de que os poemas en cuestión carezan de data, temos en conta para a correspondente ordenación a súa primeira publicación, respectando a ortografía disposta polo seu autor.

No estudo introdutorio tratamos de realizar unha análise pormenorizada da obra vilariñana, aínda que sabemos da existencia de fendas que ós poucos iremos solventando con novas investigacións, xa que a produción de Vergara Vilariño require un maior espazo para a súa comprensión. De todos os xeitos, entendémola coma un *continuum* que vai amosando os seus rasgos prototípicos dende unha cosmovisión iniciática centrada na loita social –dacordo cos parámetros do socialrealismo e da súa superación– e na soidade amorosa, motivos que debuxan o perfil humano dun autor que reflicte a dureza da súa existencia en cada novo libro.

A Fiz Vergara débesele igualmente a recuperación de estruturas sintácticas propiamente galegas e unha notoria concienciación léxica en todas as súas variantes, xa sexan hipercorreccións, vulgarismos, cultismos, lusismos, verbas posibles mais inexistentes ou termos formados en función da supresión ou adición de morfemas, polo cal incluimos a xeito de apéndice un pequeno apartado con aqueles vocábulos susceptibles de consulta para o lector común, habida conta ademais de que non todos eles son usuais nas distintas comarcas de Galicia.

Para levar a cabo dita empresa debimos realizar un traballo de campo *in situ*, o que completamos coa consulta de diversos dicionarios, guías, enciclopedias e obras doutros autores que puideron empregar termos semellantes, coa finalidade

- , “Lois Celeiro define a Fiz Vergara coma ‘labrador con regos de tinta’”, *El Progreso* (22-6-2002): 88.
- , “Lois Celeiro salienta que Fiz Vergara escribiu ‘dende a desesperación’”, *El Progreso* (29-5-2003): 65.
- , “O roteiro de Fiz Vergara Vilariño, verbas incrustadas no corazón do Courel”, *CulturAgro* (primeiro trimestre 2010): 5.
- REY, Eduardo, “Peza teatral sen remate”, *Guieiros*, Asociación Cultural Xermolos, nº 4, 1997, 93.
- RIVAS, Xosé Luís *Mini*, “A palabra”, *Guieiros*, Asociación Cultural Xermolos, nº 4, 1997, 107.
- ROCHA, Luís de Miranda, “Dario Xohan Cabana, um ‘novíssimo’, dez anos depois”, *Diário de Lisboa* (16-7-1984).
- RODRÍGUEZ, Luciano, “Trinta anos dunha colleita de excelente calidade”, *El País. Lucernas* (8-12-2006): 34.
- RODRÍGUEZ BARRIO, Xavier, “Carta a Fiz Vergara”, *Guieiros*, Asociación Cultural Xermolos, nº 4, 1997, 117.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio, “Métrica muiñeira”, *Guieiros*, Asociación Cultural Xermolos, nº 4, 1997, 93.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel-Oreste, “Darío Xoán Cabana non admite que se homenaxee en castelán a Xosé Luis Mato”, *La Voz de Galicia* (1-9-1989): 23.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Miguel, “Xa haberá tempo de ver a corza”, *A Nosa Terra. Guieiro Cultural*, nº 788 (24-7-1997): 26.
- , “Fiz Vergara Vilariño: o símbolo necesario”, *Guieiros*, Asociación Cultural Xermolos, nº 4, 1997, 71-74.
- SÁNCHEZ, ALONSO, “«Ser poeta es algo muy serio, y más en Galicia». Félix Vergara prepara una obra de teatro social con raíces populares”, *La Voz de Galicia* (7-3-1975): 27.